

Probas para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria

Información xeral

1.	Presentación.....	3
2.	Normativa.....	4
3.	Regulamento da proba.....	5
3.1	Quen se pode presentar	5
3.2	Como son as probas.....	5
3.3	Como se cualifican	5
3.4	Cando se convocan e celebran.....	5
3.5	Que estudos anteriores son validables para estas probas.....	6
3.6	Que valor teñen as cualificacións obtidas nestas probas.....	6
4.	Contidos das probas.....	7
4.1	Ámbito lingüístico.....	7
4.1.1	Lingua galega e literatura, lingua castelá e literatura.....	7
4.1.2	Lingua estranxeira.....	7
4.2	Ámbito social	8
4.2.1	Xeografía.....	8
4.2.2	Historia	8
4.2.3	Música e arte.....	9
4.3	Ámbito científico-tecnolóxico.....	9
4.3.1	Matemáticas.....	9
4.3.2	Tecnoloxía.....	10
4.3.3	Ciencias da natureza.....	10
5.	Exemplos de exames.....	11

1. Presentación

O título de graduado en secundaria é o título básico do sistema educativo español. Con el pódese acceder á formación profesional específica de grao medio ou aos estudos de bacharelato. Moitas persoas incorpóranse tamén directamente ao mundo laboral despois de obtelo.

Para as persoas adultas, este título é un obxectivo importante desde o punto de vista da súa mellora e do seu perfeccionamento persoal, e tamén desde o punto de vista das posibilidades de conseguir un emprego mellor. Entre outras cousas, é condición indispensable para acceder a moitos postos de traballo convocados polas administracións públicas.

Aínda que existe en Galicia unha oferta ampla de ensinanzas presenciais, semipresenciais e a distancia a través das que as persoas adultas poden conseguir este título, moitas persoas optan por presentarse ás probas que se convocan todos os anos con esta finalidade. O interese nelas medra constantemente. Por todo isto, parece importante ofrecer esta información básica sobre as probas, para servir de orientación a todas as persoas interesadas en presentarse a elas.

2. Normativa

As probas para a obtención do título de graduado en secundaria están reguladas por estas disposicións:

- Orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 19 de febreiro de 2009, pola que se regulan as probas para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria para persoas maiores de dezaoto anos (DOG do 4 de marzo).
- Orde do 10 de febreiro de 2012 pola que se modifica a do 19 de febreiro de 2009 pola que se regulan as probas libres para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria para persoas maiores de dezaoto anos (DOG de 20 de febreiro de 2012).
- Cada ano publícase unha resolución que convoca estas probas para as convocatorias de xuño e setembro. A última publicada é a do 8 de xaneiro de 2013 (DOG do 29 de xaneiro).
- Orde do 24 de xuño de 2008, pola que se regula a ensinanza básica para as persoas adultas e se establece o seu currículo na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 23 de xullo).

3. Regulamento da proba

3.1 Quen se pode presentar

- Pódense presentar a estas probas todas as persoas que teñan cumpridos dezaioito anos o día anterior á data na que se celebren as probas. Así, por exemplo, se os exames se celebran o 31 de maio, pódense presentar todas aquelas persoas que teñan cumpridos dezaioito anos o 30 de maio. Non existen excepcións a esta regra, nin por motivos laborais nin por motivos de calquera outra índole.

- Os/as aspirantes non poderán estar matriculados de forma oficial nas ensinanzas de educación secundaria ordinaria, na educación secundaria para persoas adultas ou no segundo curso dun programa de cualificación profesional inicial. As persoas que, con esa idade, estean matriculadas na educación secundaria para persoas adultas deberán renunciar ao dereito de seren avaliadas por esa matrícula oficial se desexan presentarse ás probas.

3.2 Como son as probas

As probas están estruturadas en tres ámbitos:

-Ámbito da comunicación: inclúe probas específicas correspondentes á Lingua castelá e literatura, Lingua galega e literatura e Lingua estranxeira. Os contidos sobre os que o adulto será avaliado figuran no apartado 4 desta guía.

Nos exames de lingua castelá e galega, o aspirante deberá demostrar a súa madurez para comprender, analizar e sintetizar textos escritos, e a súa capacidade para expresarse libremente. Por esta razón, o tribunal propoñeralle un tema de redacción en ambas linguas para que o desenvolva persoalmente.

-Ámbito científico-tecnolóxico: inclúe probas específicas de Matemáticas, Tecnoloxía e Ciencias da natureza (contidos de Xeoloxía, Bioloxía, e Física e química).

-Ámbito social: inclúe contidos correspondentes fundamentalmente a Xeografía e historia, con algunha cuestión concreta de Música e de Educación plástica e visual.

3.3 Como se cualifican

A persoa aspirante recibirá unha única cualificación para cada ámbito. Isto quere dicir que, por exemplo, no ámbito lingüístico, non recibirá unha cualificación para lingua castelá, outra para lingua galega e unha terceira para lingua estranxeira, senón unha cualificación global para todo o ámbito.

3.4 Cando se convocan e celebran

- As probas celébranse dúas veces ao ano. As datas exactas de celebración, as datas de matriculación, os lugares de inscrición, etc. establécense na resolución que convoca as probas.

- Os lugares de exame, as datas de celebración, etc., son feitos públicos con certa antelación no seguinte enderezo web: <http://www.edu.xunta.es/web/node/1238>

- Para información por correo electrónico pode escribirse a este enderezo: educadultos@edu.xunta.es

3.5 Que estudos anteriores son validables para estas probas

Como norma xeral, son validables aqueles estudos que equivalen a algún ámbito completo das probas. Isto significa que non poden darse por superadas materias illadas se non se corresponden coas que integran un ámbito. Son validables os estudos realizados na ESO, na educación secundaria para persoas adultas, en 2º de BUP e nos módulos voluntarios dos PCPI (programas de cualificación profesional inicial).

Para as persoas que proceden dos estudos da educación secundaria obrigatoria (ESO), o cadro de equivalencias é este:

Cualificación positiva nestas áreas de 4º curso da educación secundaria obrigatoria (ESO)	Equivalencias cos ámbitos da proba
Lingua galega e literatura, Lingua castelá e literatura, primeira ou segunda lingua estranxeira.	Ámbito da comunicación.
Matemáticas, Tecnoloxía e Ciencias da natureza (ou Física e química, mais Bioloxía e xeoloxía)	Ámbito científico-tecnolóxico.
Ciencias sociais, xeografía e historia.	Ámbito social.

Para as persoas que realizaron estudos de educación secundaria para persoas adultas o cadro de equivalencias é este:

Cualificación positiva nestes ámbitos da educación secundaria para persoas adultas	Equivalencias cos ámbitos da proba
Cuarto módulo do ámbito da comunicación	Ámbito da comunicación.
-Cuarto módulo do ámbito tecnolóxico-matemático e cuarto módulo do ámbito da natureza (LOXSE). -Cuarto módulo do ámbito científico-tecnolóxico (LOE).	Ámbito científico-tecnolóxico.
Cuarto módulo do ámbito da sociedade	Ámbito social.

As persoas que teñen aprobadas algunhas áreas das probas para a obtención do título de graduado en secundaria celebradas antes do ano 2009 manteñen as cualificacións positivas obtidas nesas probas.

3.6 Que valor teñen as cualificacións obtidas nestas probas

-As persoas que obteñan avaliación positiva nos tres ámbitos das probas serán propostas para a obtención do título de graduado en educación secundaria.

-As persoas que superen un ou dous dos ámbitos manteñen esa cualificación para posteriores convocatorias das probas. É dicir, unha persoa que supere calquera dos ámbitos non debe volver a examinarse dese ámbito ou deses ámbitos e conserva a nota para posteriores convocatorias.

-Os ámbitos superados nestas probas teñen tamén validez para as ensinanzas regradas. Así, unha persoa que supere, por exemplo, o ámbito lingüístico pode acudir despois a un centro de adultos ou a un instituto para que lle dean por aprobado o ámbito correspondente (secundaria para persoas adultas) ou as materias de 4º curso da ESO integradas nese ámbito.

4. Contidos das probas

Os contidos de referencia para as materias que integran os ámbitos desta proba son os que figuran no currículo da educación secundaria para persoas adultas, na Orde do 24 de xuño de 2008 que se citou máis arriba.

Detállanse de seguido os contidos máis importantes en cada un dos ámbitos da proba:

4.1 Ámbito lingüístico

4.1.1 Lingua galega e literatura, lingua castelá e literatura

- Comprensión de textos propostos, analizando:
 - O seu contido.
 - Os elementos que interveñen na comunicación
 - O tipo de texto.
 - Os elementos de cohesión.
 - Os recursos literarios empregados.
- Análise de textos desde o punto de vista morfolóxico e sintáctico (clases de palabras, oracións e as súas clases).
- Elaboración de familias léxicas e campos semánticos.
- Enumeración de sinónimos, antónimos e homónimos.
- Elaboración de textos sobre temas de carácter social, persoal e laboral (carta, currículo, etc.) tendo en conta a súa finalidade e seguindo os pasos de:
 - Busca e xeración de ideas.
 - Estruturación das ideas con coherencia.
 - Redacción.
 - Revisión e corrección, atendendo á ortografía do discurso, da oración e das palabras.
- Recoñecemento dos recursos empregados polos medios de comunicación para influír no público.
- Análise de mensaxes publicitarias, con especial atención á estratexia persuasiva adoptada.
- Recoñecemento en textos literarios dalgúns aspectos fundamentais: o punto de vista, os personaxes, o lugar e o tempo, os recursos empregados, etc.

4.1.2 Lingua estranxeira

- Comprensión de textos escritos nos que apareza:
 - Vocabulario relativo aos temas máis comúns: trazos físicos e partes do corpo humano, relacións de parentesco, profesións, domicilio, obxectos domésticos, comida e bebida, nacionalidade, a rúa e os edificios públicos, os medios de transporte, numerais e ordinais, o medio ambiente, as viaxes e o lecer; adxectivos cualificativos de cor e tamaño, e adxectivos aplicables ao tempo meteorolóxico.

- Rutinas e fórmulas básicas da vida social: saúdos e despedidas, preguntas e respostas afirmativas e negativas; expresións de cortesía, expresións sobre nacionalidade, idade, enderezo, día e hora, cantidade e prezo; fórmulas de indicación e prohibicións; expresións de sentimentos, obriga, finalidade e hipótese; expresións de dor física e outras sensacións.
- Uso dos diferentes tempos verbais: presente, imperativo, pasado simple e futuro próximo.
- Uso das preposicións e dos adverbios máis comúns, dos pronomes persoais, demostrativos e posesivos.

-Produción de textos escritos sinxelos, con estruturación lóxica axeitada, empregando o vocabulario e as fórmulas e expresións citadas, con respecto polas normas ortográficas da lingua estranxeira.

-Recoñecemento das normas básicas de pronuncia da lingua estranxeira.

4.2 **Ámbito social**

4.2.1 **Xeografía**

-Diferenciación e interpretación de diversos tipos de mapas, sinalando nos máis comúns (Galicia, España, Europa, etc.) os elementos físicos e políticos máis relevantes.

-Interpretación adecuada de gráficos, escalas, signos convencionais, etc., que transmitan información xeográfica, económica ou social.

-Identificación dos factores físicos do medio como condicionantes da actividade humana: relevo, clima, vexetación e hidrografía.

-Caracterización dos principais sistemas de explotación agraria e de actividade industrial e de servizos existentes no mundo, identificando exemplos representativos, especialmente os que fan referencia a Galicia, España e Europa.

-Identificación dos problemas medioambientais máis graves en Galicia, en España e no mundo: explotación abusiva dos recursos, lixos urbanos e industriais, incendios forestais, etc., valorando os perigos que supoñen.

-Identificación dos problemas fundamentais da poboación humana nas diferentes rexións do planeta: ritmo de crecemento, nivel de desenvolvemento, emprego, etc., utilizando os conceptos axeitados (taxas de natalidade, mortalidade, crecemento natural, densidade e migracións; poboación activa, parada, ocupada ...).

4.2.2 **Historia**

-Identificación e análise dos trazos fundamentais da evolución histórica da humanidade, con referencia especial a Galicia e España, nos seus grandes períodos históricos e manifestacións máis salientables: a prehistoria, as grandes civilizacións antigas, o mundo clásico e romano, a Europa medieval e do Renacemento, o Antigo Réxime, as revolucións burguesas, a Revolución Industrial e os grandes cambios económicos, sociais e políticos dos séculos XIX e XX.

-Identificación e análise crítica dos feitos fundamentais da evolución do mundo desde o final da Segunda Guerra Mundial ata os nosos días.

-Recoñecemento dos organismos e institucións internacionais de maior importancia, especialmente a Unión Europea, identificando o seu papel, as institucións que os forman e os problemas fundamentais que afrontan nestes momentos.

-Valoración dos principios e as institucións da democracia española como os instrumentos adecuados para organizar a convivencia pacífica e resolver as discrepancias entre os grupos e os individuos.

-Identificación dos principios básicos da Constitución española e do Estatuto de Autonomía de Galicia, as institucións políticas fundamentais e os procesos electorais.

-Interpretación adecuada e síntese sinxela de textos históricos e textos sobre problemas económicos e sociais da actualidade.

4.2.3 Música e arte

-Identificación e análise dos elementos fundamentais de obras artísticas moi representativas da nosa cultura, como os grandes edificios relacionados co Camiño de Santiago, as grandes obras pictóricas da pintura española, etc.

-Localización na xeografía galega das zonas de gran tradición artesanal, identificando os trazos formais das súas producións e os procesos de elaboración.

-Identificación das características fundamentais das formas musicais cultas e das tradicionais de Galicia.

4.3 Ámbito científico-tecnolóxico

4.3.1 Matemáticas

-Emprego de estratexias de cálculo para operar con números utilizando estratexias persoais de estimación de cantidades e de cálculo mental.

-Estimación de medidas de dimensións, masa e volume de obxectos, acoutando os erros cometidos.

-Resolución de problemas prácticos relacionados cos seguintes contidos:

- Números naturais, enteiros, decimais e fraccionarios.
- Múltiplos e divisores, mínimo común múltiplo e máximo común divisor.
- Porcentaxes e escalas.
- Potencias de expoñente enteiro, raíz cadrada.
- Letras que substitúen os números. Expresións literais, igualdades e ecuacións de primeiro e segundo grao, sistemas de ecuacións lineais con dúas incógnitas.
- Dependencia entre variables, proporcionalidade directa e inversa, gráficas, funcións lineais e afíns, función cuadrática.
- Poboación e mostra, táboas e gráficas, parámetros estatísticos fundamentais, frecuencias, fenómenos aleatorios.
- Tratamento de datos, medidas de centralización e dispersión, probabilidade.
- Medidas de lonxitude, superficie, masa, volume, tempo e ángulos
- Sistemas de referencia no plano: coordenadas cartesianas.
- Polígonos e corpos xeométricos: elementos, clasificacións, regularidades e simetrías, cálculo de perímetros e áreas, relacións entre a área e o volume de figuras semellantes, relacións de inscrición, descomposición e intersección.
- Teorema de Pitágoras.

4.3.2 Tecnoloxía

-Análise e descrición anatómica de obxectos técnicos (forma, dimensións, elementos...), aplicando as técnicas necesarias (debuxar, medir...).

-Representación gráfica de ideas e obxectos, elixindo a técnica de debuxo máis apropiada e usando escala.

-Descrición das razóns que fan necesario un obxecto ou servizo tecnolóxico cotián, identificando os efectos positivos e negativos da súa fabricación.

-Identificación dalgún problema técnico sinxelo e interpretación dalgunhas vías de resolución propostas.

-Análise de procesos de produción industrial que produzan algún obxecto ou servizo elemental, identificando unidades, liñas e cadeas de produción, e interpretando a secuencia de actuación.

-Realización de cálculos de custos de fabricación e distribución de produtos, utilizando as operacións aritméticas básicas, porcentaxes, etc.

-Análise de operadores de circuitos eléctricos, de movemento elemental e de forzas, e cálculo básico das súas magnitudes.

-Descrición e funcionamento de mecanismos de transmisión e transformación de movementos: pancas, poleas, engrenaxes, parafuso sen fin, piñón e cremalleira, leva, roda excéntrica, biela e manivela.

-Descrición do funcionamento de máquinas simples e identificación das mesmas en dispositivos de uso habitual.

4.3.3 Ciencias da natureza

-Recoñecemento en imaxes dos tres grupos principais de rochas.

-Descrición e interpretación de procesos xeolóxicos externos.

-Identificación e análise dos compoñentes do solo e recoñecemento dos cambios que se producen nel como consecuencia dos procesos de erosión, transporte e sedimentación.

-Identificación da composición, as propiedades e a importancia para a vida da auga, a súa distribución no planeta; o ciclo da auga.

-Recoñecemento da composición, propiedades e importancia para a vida do aire.

-Análise do papel protector da atmosfera e dos fenómenos da contaminación atmosférica.

-Explicación dos movementos das masas atmosféricas, empregando os conceptos de enerxía solar, calor, dilatación e densidade.

-Recoñecemento e descrición dos conceptos implicados nestes contidos:

- Forzas, traballo, enerxía, enerxía cinética e potencial.
- Presión e flotación.
- Natureza eléctrica da materia, fenómenos eléctricos e magnéticos.
- Conservación da enerxía e equilibrio de forzas nos sistemas físicos.
- O son e o eco; a luz e a cor; espellos, lentes e sistemas ópticos.

-Resolución de problemas prácticos nos que sexa necesario aplicar os contidos sinalados no apartado anterior.

-Identificación, polas súas características físicas, de elementos, substancias puras e materiais máis usuais na vida cotián, relacionándoos coas súas aplicacións.

-Identificación e descrición dos elementos que interveñen nas reaccións químicas; reactivos e produtos; o enlace químico; balance de enerxía.

- Representación mediante fórmulas dalgunhas substancias químicas sinxelas.
- Identificación dos grupos taxonómicos aos que pertencen animais e plantas.
- Descrición das características básicas dos seres unicelulares e pluricelulares.
- Identificación e descrición das funcións dos seres vivos: nutrición, relación e reprodución.
- Identificación e análise das interaccións entre os seres vivos e o medio: relacións trófi-
cas, adaptacións, ecosistemas; influencia da acción do home no medio natural.
- Identificación e descrición dos órganos fundamentais do corpo humano e da súa fun-
ción.
- Descrición e análise dos mecanismos fisiolóxicos que interveñen na nutrición, na re-
producción e na función de relación humanas.
- Descrición e análise de dietas equilibradas e, en xeral, dos hábitos saudables de ali-
mentación.
- Descrición e análise dos métodos anticonceptivos máis importantes.
- Identificación das máis importantes enfermidades de transmisión sexual e das condu-
tas adecuadas para previlas.
- Análise de factores que inflúen na saúde mental de modo favorable e desfavorable.

5. Exemplos de exames

A partir de xuño de 2011, os exames incluírán exclusivamente preguntas de respostas cerradas. É dicir, cada pregunta dos exames incluírá tres respostas, entre as que o candida-
to ou candidata terá que elixir a correcta. En calquera caso, de acordo co que establece a
normativa, manterase o exercicio de redacción en lingua galega e lingua castelá.

Pode consultar os exames de convocatorias anteriores e as súas solucións no seguinte
endereço web: <http://www.edu.xunta.es/web/node/1238>